

BALONKORF

O Balonkorf, tamén chamado Korfbal é un deporte no que se enfrontan dous equipos co propósito de introducir unha pelota dentro dun cesto. Ten moitas similitudes co baloncesto, e de feito considérase unha evolución deste influenciado polo ringball sueco.

En 1984 xurdiron outros deportes de pelota-cesto como o cestobal arxentino e o netball inglés.

HISTORIA

O fundador deste deporte foi Nico Broekhuysen, que en 1902 estableceu as normas despois dunha viaxe a Suecia. Bélxica e Holanda son os que máis practican este deporte. Foi deporte de demostración nos Xogos Olímpicos de 1920 (Amberes) e 1928 (Amsterdam). En España introduciuno o holandés Leonardo Terol, pola Costa do Sol, concretamente en Marbella hacia 1969.

TERREO DE XOGO

É unha superficie rectangular de 60-40 m. de longo X 20-30 m. de ancho. O máis normal e adaptalo ás medidas dun campo de balonmán.

Hai dous postes de forma cilíndrica e na parte superior un cesto de mimbre. O seu borde superior está a 3,50 m do chan. Os postes están colocados a 6,60 m. das liñas de fondo.

O balón é un de fútbol, en concreto o regamentario nº 5.

XOGADORES

Cada equipo está composto por 8 xogadores, 4 homes e 4 mulleres, que se reparten dentro das dúas metades do campo a razón de 2 homes e 2 mulleres. É dicir, haberá 2 nenos e 2 nenas na zona de ataque e 2 nenos e 2 nenas na zona de defensa. Tanto defensas como atacantes non poden saír das súas respectivas zonas. E o mesmo ten que facer o equipo contrario, que teñen que emparellarse cunha persoa do seu mesmo sexo.

O inicio do xogo decídese en que metade ataca e defende cada equipo. Cando un mesmo equipo logra dous tantos, os defensas pasan á zona de ataque e os atacantes á zona de defensa, cambiando polo tanto os seus postos e as súas funcións ou papeis.

O xogador que está en posesión da pelota non pode andar ou correr con el. Sí pode lanzar ó cesto e facer unha entrada. Os outros xogadores deben moverse rapidamente, co obxecto de desmarcarse do seu opoñente e así recibir un pase.

Cando se lanza ou entra o cesto non se pode tocar o chan cos pés, polo que hai que saltar, ademáis de lanzar o balón coas dúas mans.

DURACIÓN

Un partido dura 60 minutos, repartidos en dous tempos de 30 minutos.

REGRAMENTO

Só recordar a obrigatoriedade de cambiar de campo cando se anotan dous tantos. Tamén se cambia de campo o reanudarse a segunda parte.

Existe un lanzamento de penalti, a 2,5 m diante do poste, cando un equipo comete unha falta ou infracción que lle impida encestar.

Prohibicións:

- Tocar o balón cos pés ou as pernas.
- Golpear o balón co puño.
- Correr ou andar co balón.
- Xogar individualmente co balón (fintar, driblar,..).
- Entregar o balón man a man a un compañeiro.
- Prohíbese o contacto físico.
- Non se permite o contacto físico nin estorbar ou entorpecer a liberdade de movementos do contrario.
- Reter o balón máis de 4 segundos.
- Lanzar o balón desde a zona de defensa.
- Situarse a menos de 2,5 m. dun rival que efectúa calquer clase de saque.

VARIANTES


CESTOBALL

Deporte de equipo no se enfrontan dous equipos de 6 xogadores. O obxectivo e conseguir mediante pases avanzar hacia o cesto contrario e anotar. Non se pode rebotear. Ten a particularidade de que na zona de ataque só pode haber 4 xogadores como máximo, e en zona de defensa como mínimo, dous xogadores.

Os cambios son ilimitados, sempre desde a liña de fondo do seu propio campo.

O tempo de xogo é de 40', divididos en dous períodos de 20' cada un e cun descanso de 5'. A pelota pode ser recibida con coas mans, nunca co corpo, excepto no caso das monecas e o antebrazo. A distancia no pase da pelota entre compañeiros debe ser dous pasos como mínimo.

NETBALL



En este deporte xogan 7 X 7 repartidos en tres zonas. Esta é a primeira diferenca co Balonkorf, que introduce unha zona na parte central, onde están dous centros, un por cada equipo. Nas outras zonas de xogo hay 3 xogadores. Na zona de ataque reciben a seguinte denominación: (GS) Goal Shooter, (GA) Goal Attack, (WA) Wing Attack. Na zona de defensa a denominación é a seguinte: (GD) Goal Defense, (GK) Goal Keeper, (WD) Wing Defense.

Para anotar, só pode facelo o GS ou GA desde o semicírculo. Despois dunha canastra, o centro do equipo contrario reanuda o xogo cun pase desde o círculo central.